

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE XULLO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e sete de xullo de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as trece horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 6 de xullo de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LEGALIZACIÓN DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de legalización de obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 14 de febreiro de 2022 (RE-E núm. 62), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GANDEIRÍA COTO S.C.
CIF	██████████

DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE SABORÍN, PARROQUIA DE VILELA
REPRESENTANTE	MIGUEL VÁZQUEZ PRIETO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR VINCULADA A EXPLOTACIÓN GANDEIRA
LUGAR	A BAIUCA
PARROQUIA	VILELA
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A012002030000PO
DOCUMENTO TÉCNICO	Proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, en data 28/01/22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	284,25 €
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 14/07/22)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE
CÓDIGO REGA	██████████
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 28/03/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CINCO EUROS CON SESENTA E OITO EUROS (5,68 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Javiera Diéguez Patao

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 26 de xaneiro de 2022 (RE núm. 119), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JAVIERA DIÉGUEZ PATAO
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DA VILA, PARROQUIA DE RODEIRO

DATOS DA OBRA

OBXECTO	REHABILITACIÓN DE CUBERTA E ACONDICIONAMENTO TÉRMICO DE VIVENDA
---------	---

LUGAR	A VILA
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	001700200NH82D0001BS
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Proxecto técnico redactado polo arquitecto Don Leandro del Río Regos, con data abril de 2021)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	67.469,68 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DOCE (12) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 26/07/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de MIL TRESCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (1.349,39 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores

das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— Natalio García Carral

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 31 de maio de 2022 (RE-E núm. 247), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	NATALIO GARCÍA CARRAL
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE CARBOENTES, PARROQUIA DE CARBOENTES

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSERVACIÓN DE CUBERTA EN EDIFICIO DE USO RESIDENCIAL
SITUACIÓN	PRAZA DE OSEIRA NÚM. 13
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 3 (EDIFICACIÓN MIXTA)
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	6425101NH8262N0001JK
DOCUMENTO TÉCNICO	Memoria técnica redactada polo arquitecto técnico Don Henrique Mella Otero, en data 05/04/22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	4.751,30 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	SEIS (6) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 14/07/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento

único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de NOVENTA E CINCO EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (95,02 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Pontevedra mediante Resolución de data 19/05/22 (expediente núm. ██████████).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Gandería FG, S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 4 de abril de 2022 (RE-E núm. 161), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GANDERÍA FG, S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE ARCAS, PARROQUIA DE GUILLAR
REPRESENTANTE	FÉLIZ FERNÁNDEZ GARCÍA
DNI	██████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE ENGORDE DE POLOS
REFERENCIA CATASTRAL PARCELA	36047A0490002840000PX
LUGAR	ADELÁN
PARROQUIA	GUILLAR
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DO 11/12/20)
TRÁMITE AMBIENTAL	SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATA 15/09/20 – EXPTE. NÚM. ██████████)
REGA	██████████
CAPACIDADE MÁXIMA AUTORIZADA	45.385 POLOS

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra asinada pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro (visado colexial núm. ██████████, do 04/04/22).
- Acta de comprobación favorable de data 14/07/22.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da

competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

5.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRAS

— Ramón Sobrado González

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 4 de outubro de 2017, concedeuse

a D. RAMÓN SOBRADO GONZÁLEZ licenza municipal para DEMOLICIÓN DE DÚAS EDIFICACIÓNS AUXILIARES E REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Xabaldiño, parroquia de San Salvador de Camba.

Con data 20 de xuño de 2022 (RE núm. 1031) o titular da licenza solicita a súa anulación, desistindo na realización das obras autorizadas. O arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias emite informe con data 08/07/22 acreditando que as obras para as que se lle concedeu licenza non foron executadas.

Xa que logo, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Deixar sen efecto, a petición do seu titular, a licenza municipal para DEMOLICIÓN DE DÚAS EDIFICACIÓNS AUXILIARES E REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Xabaldiño, parroquia de San Salvador de Camba, instada por D. RAMÓN SOBRADO GONZÁLEZ, e concedida por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 4 de outubro de 2017, ordenando o arquivo do expediente sen máis trámite.

6.- ALTAS DE USUARIOS/AS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) PARA O CURSO 2022/2023

ANTECEDENTES

1. Con data 18 de maio de 2005 entrou en funcionamento a instalación municipal denominada Punto de Atención á Infancia (PAI).
2. O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2021, aprobou o Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI). Dita normativa foi publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 180, correspondente ao día 17/09/21, atopándose plenamente en vigor a esta data.
3. O artigo 9 do dito Regulamento dispón que o Concello abrirá anualmente un prazo de solicitude para a inscrición dos/as menores usuarios/as.
4. Para o curso 2022/2023 abriuse o corresponde prazo de presentación de solicitudes mediante acordo deste órgano adoptado na sesión

celebrada o día 01/06/22 e, durante o prazo establecido que rematou o día 23 de xuño de 2022, presentáronse as seguintes solicitudes:

SOLICITANTE	DNI	DATA	REX.	USUARIO/A
Eva María Areán Diéguez	████████	07/06/22	906	Aitana Dabouza Areán
Mélodi Guerra Guerra	████████	08/06/22	911	Luka Rodríguez Guerra
Alberte Lamazares Casero	████████	09/06/22	271	Antón Lamazares Dafonte
Mélodi Conde Vales	████████	14/06/22	953	Hugo Ríos Conde
Alba Porto López	████████	14/06/22	959	Vera Villanueva Porto
Paula Diéguez Salgado	████████	14/06/22	962	María García Diéguez
María José Fafián Senra	████████	15/06/22	969	Irina Faílde Fafián
Javier Rodríguez Fernández	████████	15/06/22	973	Naia Rodríguez Redondo
Sonia Cano Gil	████████	15/06/22	980	Adriana Sánchez Cano
Susana López Villanueva	████████	16/06/22	985	Sara Diéguez López
Ana Belén Gamallo Moure	████████	16/06/22	988	Alejandro González Gamallo
Mónica Dosil Mayán	████████	17/06/22	1004	Carla García Dosil
Ramón Vales Porto	████████	17/06/22	1019	Clara Vales Gómez
Lorena Ledo Pérez	████████	21/06/22	1039	Víctor Iglesias Ledo
Lorena Ledo Pérez	████████	21/06/22	1040	Daniela Iglesias Ledo
Belén Villanueva Patao	████████	21/06/22	1041	Carme Ferradás Villanueva
Alba Lucía Seijoso Borrazas	████████	22/06/22	1047	Pedro González Seijoso
Ana María Hermida Ferradás	████████	22/06/22	1051	Lúa Hermida Ferradás
Lucía Vázquez Conde	████████	22/06/22	1052	Paula Bernárdez Vázquez
Sheila Pereira Ferreira	████████	22/06/22	1056	Beka Fernández Pereira
José Figueroa Faílde	████████	23/06/22	309	Xenia Figueroa Diéguez

- Os Servizos Sociais do Concello emiten o correspondente informe, con data 27/07/22, no que se acredita o cumprimento das solicitudes presentadas dos requisitos esixidos e procede á puntuación das admitidas segundo o baremo aplicable.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Non admitir a seguinte solicitude polo motivo que deseguido se especifica:

SOLICITANTE	DNI	MOTIVO DA NON ADMISIÓN
JOSÉ FIGUEROA FAÍLDE	██████████	A menor non figura empadroada no Concello (artigo 9 e) do Regulamento.

Segundo.- Admitir as demais solicitudes presentadas en prazo ao cumprir cos requisitos esixidos no Regulamento en vigor.

Terceiro.- De conformidade co informe emitido polos Servizos Sociais municipais, acordan dar de alta como usuarios/as do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) de Rodeiro, para o curso 2022-2023, aos/ás seguintes nenos/as:

USUARIO/A	DOMICILIO	PUNTUACIÓN	XORNADA ADXUDICADA
Vera Villanueva Porto	Pazos – Pedroso	26	Parcial de mañá
Hugo Ríos Conde	A Latiza – Álceme	26	Parcial de mañá
Aitana Dabouza Areán	Rodeiro – Rodeiro	25	Completa
Luka Rodríguez Guerra	Rodeiro – Rodeiro	25	Completa
Carla García Dosil	O Corroliño – Santa Mariña de Pescoso	25	Parcial de mañá
Paula Bernárdez Vázquez	Cuñarro do Medio – Arnego	24	Parcial de mañá
Lúa Hermida Ferradás	Lamas – Camba	24	Completa
Sara Diéguez López	Fafián – Fafián	23	Completa
Adriana Sánchez Cano	Carboentes – Carboentes	23	Parcial de mañá
María García Diéguez	Vistuide – San Cristovo do Az	22	Parcial de mañá
Alejandro González Gamallo	Rodeiro – Rodeiro	21	Completa
Irina Failde Fafián	Asperelo – San Martiño de Asperelo	19	Completa
Clara Vales Gómez	Failde – O Salto	19	Completa
Beka Fernández Pereira	Bagarelas – Vilela	19	Parcial de mañá
Víctor Iglesias Ledo	Couso – San Martiño de Asperelo	19	Completa
Daniela Iglesias Ledo	Couso – San Martiño de Asperelo	19	Completa
Carne Ferradás Villanueva	Vilafriío – A Portela	17	Completa
Antón Lamazares Dafonte	Mourigás – Arnego	16	Completa
Naia Rodríguez Redondo	Verlás – Santa Baia de Camba	16	Completa

Cuarto.- Establecer a seguinte lista de agarda:

USUARIO	DOMICILIO	PUNTUACIÓN
Pedro González Seijoso	O Couto – O Salto	13

Quinto.- Os/as usuarios/as admitidos/as deberán acreditar ante o Concello, no prazo de dez días hábiles, contados a partires do día seguinte ao do recibo da notificación do presente acordo, a documentación correspondente ás circunstancias sanitarias do/a usuario/a, presentando no Concello copia fidedigna da seguinte documentación:

- Copia auténtica da tarxeta da Seguridade Social ou documento equivalente do/a menor.
- Certificado médico do/a menor, facendo constar se padece algunha enfermidade ou alerxia e se precisa medicación ou outro tipo de observación ao respecto.

Advírtese expresamente que a no presentación de dita documentación no prazo establecido ao efecto, constitúe causa de baixa do/a usuario/a no servizo, que se efectuará por acordo do presente órgano, previa audiencia ao/á interesado/a.

7.- DESESTIMENTO DA AMPLIACIÓN DA OFERTA PRESENTADA ANTE O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO (SPEG) PARA A CONTRATACIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE SOCORRISTA DA PISCINA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 01/06/22, aprobáronse as bases e o baremo de selección para a provisión de dous postos de traballo de socorristas da piscina municipal, subvencionados pola Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG núm. 21, do 01/02/22).

2.- Na sesión de data 23/06/22 autorizouse a contratación dos dous postos de traballo convocados, se ben a candidata seleccionada Inés Méndez Sánchez renunciou a súa contratación.

3.- Dado que quedou vacante un dos postos convocados, o Concello solicitou ao SPEG unha ampliación da oferta de emprego, sinalada co número [REDACTED] (RS núm. 346, do 23/06/22).

4.- Ao mesmo tempo solicitouse á Consellería de Emprego e Igualdade unha prórroga na data do inicio do servizo, fixado para o día 01/07/22. Dita ampliación foi concedida en data 28/06/22 (RE núm. 1088, do 29/06/22), fixando como data límite o día 15 de xullo do corrente.

5.- Por mor do goce de vacacións do empregado público municipal xestor da oferta de emprego, o Concello dirixiuse á Oficina de Emprego de Lalín para que todas as xestións relativas coa dita ampliación se achegaran á dirección de correo electrónico da Secretaría municipal. Dita comunicación consta como debidamente recibida no destinatario.

6.- Malia o comunicado, a Oficina de Emprego de Lalín enviou erroneamente os resultados da ampliación da oferta a unha dirección de correo electrónico que expresamente constaba como non operativa.

7.- A anterior circunstancia, non imputable á administración municipal, impediu a posibilidade de seleccionar o segundo posto de traballo convocado, privando ao Concello de poder ofrecer un mellor servizo nas instalacións da piscina municipal.

8.- Decatados da errónea actuación da Oficina de Emprego de Lalín, o Concello solicitou da Consellería de Emprego e Igualdade unha nova ampliación do prazo de inicio do servizo, sendo esta denegada por Resolución de data 21 de xullo do corrente (RE núm. 1226, do 26/07/22).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Desistir da solicitude de ampliación da oferta de traballo núm. [REDACTED], formulada ante a SPEG, por canto a denegación da ampliación do prazo de inicio do servizo por parte da Consellería de Emprego e Igualdade produce automaticamente a perda do financiamento subvencionado para a provisión de dito posto de traballo.

8.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María de los Ángeles Pampín Expósito, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa por incapacidade laboral (IT), derivada de enfermidade común, con data 11 de xullo do corrente. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/ha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación e o previsible limitado período desta, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas interinidades ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación de Dona MÓNICA FERNÁNDEZ BLANCO, con DNI núm. [REDACTED], como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato de interinidade a tempo completo (37,5 horas/semana),

ao abeiro do disposto no artigo 15.3 do Estatuto dos Traballadores e artigo 4 do RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Dona María de los Ángeles Pampín Expósito.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

9.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Asociación de veciños cultural e deportiva San Xoán de Camba

VISTO o escrito presentado por Dona María del Mar Cambeiro Areán, veciña do lugar da Ermida, parroquia de Camba (RE núm. 1165, do 11/07/22) polo que, na representación da Asociación de veciños cultural e deportiva San Xoán de Camba, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os días 24 e 25 de xuño do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €).

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 348,38 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 22A909 e 22A910 (FACe).
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 14,69 €
Por subministro de material de limpeza para edificios municipais, s/factura núm. 13436.
- MERCAHILBE S.L. 30,10 € E 6,12 €
Por subministro de augas para o Concello, s/facturas núm. 02000004 e 06000002.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 274,67 €, 130,44 € E 708,75 €
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6Z00001367, TA6Z00001368 e TA6Z00001369 (FACe).

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-G2DD-043819 e 28-G2DD-077941 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 52,41 € E 39,53 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de xuño de 2022, s/facturas núm. 4003438679 e 4003438680 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 2.917,20 €
Por seguro anual da póliza de danos en instalacións e edificios municipais, s/recibo.
- SYMATEC S.L. 2.366,86 €, 2.571,25 € E 2.571,25 €
Por servizo de limpeza de dependencias municipais nos meses de marzo, abril e maio de 2022, s/facturas núm. 636, 644 e 650 – (*reparos de Intervención levantados polo alcalde por Resolución de data 26/07/22*).
- M^a ELENA JORGE MATO 39,52 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- CAMPOS Y MARIÑO S.C. 211,75 €
Por traballos de lavado da roupa do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 2022/0012.
- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 32,25 €
Por reparación de pneumático de vehículo municipal, s/factura núm. A/994.
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 228,69 €
Por traballos de reparación do abastecemento nos lugares da Torre (Guillar) e Rubiás, s/factura núm. 22012 – (*reparo de Intervención levantado polo alcalde por Resolución de data 26/07/22*).

- KLEER KIM S.A.L. 456,17 €
Por subministro de produtos químicos para a piscina municipal, s/factura núm. 1518 (FACe).
- MARÍA ISABEL CONDE MOURE 1.287,77 €
Por subministro de plantas e flores para xardíns e rúas municipais, s/factura núm. A/175.
- KEVIN FERNÁNDEZ ÁGUILA 91,96 €
Por traballo de reparación de colector de vidro, s/factura núm. 24.
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 4.501,20 €
Por traballos de acondicionamento de camiños municipais nas parroquias de Guillar e Santa Mariña de Pescoso, s/factura núm. 04 (FACe).
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 1.382,43 €, 462,83 € E 435,60 €
Por diversos traballos en acondicionamento de camiños municipais nos lugares de Padín, O Carballo e Penerbosa, s/facturas núm. 22013, 22015 e 22017 – (*reparo de Intervención levantado polo alcalde por Resolución de data 26/07/22*).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.134,50 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041177211 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 2.541,66 €
Por subministro de rechazo montera e grava para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000298 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)